

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 23-03-2022 ao 23-05-2022. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 23 de marzo de 2022.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0670

## FRIOL

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 14.03.2022, prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas do Concello de Friol correspondente ao mes de marzo de 2022, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Friol, 18 de marzo de 2022.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0656

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07/03/2022, prestouse aprobación as bases e convocatoria do proceso selectivo, DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL A1, INTERINO/A.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no prazo de QUINCE (15) días hábiles dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A demais información do proceso selectivo pode ser consultada na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

**BASES PARA A SELECCIÓN MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA PRAZA DE TRABALLO DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO A1, EN RÉXIME DE INTERINIDADE.**

I. "Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección, mediante oposición libre dun Técnico/a de Administración Xeral, pertencente ó Grupo A, Subgrupo: A1; Escala de Administración Xeral; Subescala: Técnica, baixo a denominación de Técnico/a de Administración Xeral. Esta praza pertence á Escala, Subescala ou Clase que se indican no Anexo das presentes bases, e está dotada dos haberes correspondentes ao Subgrupo que igualmente se especifica.

A persoa seleccionada será nomeada funcionario/a interino/a para cubrir a vacante no persoal de persoal funcionario deste Concello, de Técnico/a de Administración Xeral, para o desempeño de funcións legalmente establecidas para T.A.X, en concreto, redactar informes, propostas, acordos, memorias, así como calquera outra



tarefa de xestión, estudo ou proposta de carácter administrativo de carácter superior que lle poidan ser encargados. Todo elo sen prexuízo do desenvolvemento das demais funcións que legalmente lle puideran corresponder ou ser asignadas a dito funcionario/a interino/a en virtude da súa categoría.

As retribucións serán as establecidas no Orzamento vixente e quedará suxeito ao réxime de incompatibilidade vixente.

O horario e as funcións a desempeñar no posto de traballo realizaranse no horario legalmente establecido, coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

A realización deste procedemento rexeráse polo previsto nestas Bases e anexos correspondentes, e, na súa falta, estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 30/84, de 2 de agosto, Real Decreto 896/1991, de 7 de Xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e por calquera outras disposicións aplicables.

## II. Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir, antes de que termine o último día de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións para as que se contrata.
- d) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- e) Estar en posesión do Título de Grao ou Licenciado en Dereito, Grao ou Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais, Grao ou Licenciado en Ciencias Políticas, Grao en ciencias Xurídicas da Administración ou Grado en dirección e Xestión Pública ou equivalente ou en condicións de obter o devandito título. A estes efectos entenderase por estar en condicións de obter os títulos o abonar os dereitos correspondentes á súa expedición.
- f) Ingresar na conta ES 96 2080 0126 2031 1000 0019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 28,31€ prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 290 do día 20 de decembro de 2016. En ningún caso o ingreso da citada cantidade suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo /a aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos declárense indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Os requisitos establecidos na Base anterior, así como aqueles outros que puidesen recollerse nos anexos respectivos, deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse até o nomeamento como funcionario.

## III. Solicitudes.

Quenes desexen tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

As solicitudes acompañarán:

- Instancia.
- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de pago da taxa.
- Certificado CELGA 4 ou equivalente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Concello de Monforte de Lemos, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.



Establécese un prazo de presentación de solicitudes de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As persoas con discapacidade deberán achegar á solicitude de participación nas probas selectivas a acreditación de tal condición así como do tipo de discapacidade que posúe, conxuntamente coa declaración das adaptacións de tempo, medios e doutra natureza que considere necesarias para a realización das devanditas probas.

#### IV. Admisión de candidatos.

Finalizado o prazo de presentación de instancias e comprobado que os aspirantes reúnen os requisitos necesarios para acceder á convocatoria, o Sr. Alcalde aprobará a relación provisional de admitidos e excluídos, xunto coa causa de exclusión, que se publicará no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio, 1) e na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) a efectos de reclamacións e subsanación de erros, no prazo de 10 días hábiles.

As reclamacións e subsanacións, se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que será publicada na forma antes indicada. No caso de que non existan aspirantes excluídos ou non se presenten reclamacións nin subsanacións a lista provisional será elevada automaticamente a definitiva.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos e na páxina web municipal.

De acordo co establecido na Lei 13/1982, de 7 de abril, serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Só poderán establecerse exclusións por limitacións psíquicas e físicas nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización. Na solicitude de participación, os interesados deberán formular a petición correspondente, especificando en que consiste concretamente a adaptación. Corresponderá aos interesados, no momento de solicitar tomar parte nas probas selectivas, acreditar documentalmente, a través do Organismo competente, a súa condición de discapacitado, e posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por 100, debendo achegar ademais ditame técnico facultativo. A compatibilidade para o desempeño das tarefas e funcións propias da praza ás que se opta, haberá de acreditarse por Certificación Médica oficial.

#### V. Tribunal.

O Tribunal Calificador estará constituído por un Presidente, tres Vocais e un Secretario e os seus respectivos suplentes.

- a) Presidente: Un funcionario de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía.
- b) Vocais: Tres funcionarios de carreira a designar pola persoa titular da Alcaldía
- c) Secretario: O da Corporación ou funcionario de carreira en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición cumprir o estipulado no artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Os membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal constituirase de acordo co establecido no artigo 17 da indicada Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente, sendo secretos os seus acordos e deliberacións.

O Tribunal quedará facultado para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das Bases, para decidir respecto do non contemplado nas mesmas, para incorporar especialistas naquelas probas cuxo contido requira o asesoramento técnico dos mesmos, quen actuarán con voz pero sen voto, podendo, igualmente e para un mellor desenvolvemento dos exercicios, constituír, por concorrer ás probas un elevado número de aspirantes, diferentes grupos destes someténdoselles á realización de exercicios de similar contido en consonancia coa titulación académica esixida na convocatoria e programa da mesma, para establecer probas adicionais ás que figuren na convocatoria en caso de producirse empates de puntuación entre os aspirantes, así como para establecer a



realización de probas diferentes para os aspirantes que concorran pola quenda das persoas con discapacidade en función das distintas discapacidades que estas presenten, a condición de que ditas probas permitan demostrar os coñecementos teórico prácticos necesarios e suficientes para o desempeño do posto convocado, contando para iso co asesoramento de persoal técnico e especializado en orde á confección e desenvolvemento das probas a que se lles poderá someter, podendo fixar así mesmo datas diferentes para a realización das mesmas.

#### VI. Desenvolvemento dos Exercicios.

O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de oposición libre e constará:

Dun primeiro exercicio teórico-práctico, obrigatorio e eliminatorio, con dúas partes que serán realizadas no mesmo día:

1. A contestación por escrito dun cuestionario tipo test
2. A resolución por escrito dun, ou varios, supostos prácticos.

O tempo máximo total para a realización da proba, parte primeira e segunda, será de 3 horas.

A primeira parte da proba consistirá na contestación, nun tempo máximo de 90 minutos, a un cuestionario tipo test, que versará sobre o contido das Materias do programa da convocatoria e que conterá 100 preguntas e 5 de reserva, con catro opcións de resposta, das cales só unha será a correcta. Esta parte do primeiro exercicio terá unha valoración máxima de 10 puntos.

A cualificación do seu exercicio será a correspondente de aplicar o seguinte criterio: cada resposta correctamente acertada puntuará 0,10 puntos. Cada tres respostas erróneas computarán unha penalización dunha resposta acertada. As preguntas non contestadas non suporán penalización.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida inicialmente en 5 puntos.

O Tribunal poderá modificar a nota de corte de acordo co nivel das puntuacións obtidas.

Os aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas; igualmente poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se realizase nun único chamamento.

Unha vez que todos os aspirantes entregasen os cuestionarios da primeira parte da proba procederase a realizar a segunda parte do primeiro exercicio, consistente na contestación por escrito dun, ou varios supostos prácticos, relacionados coas materias incluídas no temario desta convocatoria. Esta proba práctica terá unha valoración máxima de 10 puntos.

Serán considerados aptos nesta proba os opositores que superen a nota de corte, establecida en 5 puntos.

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

Dun segundo exercicio consistente, nunha entrevista curricular que se realizará posteriormente ó exercicio teórico-práctico.

Obrigatoria e non eliminatoria.

Consistirá nun breve encontro co tribunal cualificador no que este plantexará preguntas o/a aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o contido do programa establecido no ANEXO I

Nesta proba valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

A puntuación máxima a obter neste exercicio sera de 2 puntos.

Dun terceiro exercicio, proba de coñecemento do idioma galego.

Proba obrigatoria e eliminatoria

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización de todos o exercicios e probas en chamamento único, perdendo todos os seus dereitos aquel/a aspirante que o día e hora da proba non se presente a realizala. En calquera momento, os membros do Tribunal poderán requirir aos/as opositores/as que acrediten tanto a súa identidade como que reúnen os requisitos esixidos para tomar parte nas probas selectivas.

O cuestionario e o ou os supostos prácticos, serán elaborados polo Tribunal Calificador o mesmo día da celebración, e versarán sobre as materias contidas no temario do programa da convocatoria.



A cualificación final da oposición, será a suma das puntuacións obtidas nas dúas partes da primeira proba e da obtida no segundo exercicio, a entrevista curricular, sendo 22 puntos a máxima puntuación que poderían conseguir os aspirantes.

Para a realización da proba práctica os aspirantes poderán utilizar toda a lexislación que consideren conveniente que deberán traer en formato papel.

As cualificacións das probas faranse públicas no taboleiro de edictos da Corporación ou poderán consultarse na páxina web Concello de Monforte de Lemos.

Os interesados disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para impugnar calquera das preguntas integrantes do cuestionario ou presentar as reclamacións que consideren oportunas.

#### VII. Nomeamento.

Proposta de selección, presentación de documentos e nomeamento.

Concluídas as probas, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación a relación de aspirantes aprobados por orde de puntuación. Co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión ou a persoa inicialmente proposta non sexa nomeada ou, de selo, non tomase posesión en forma, entenderase feita a proposta en favor do aspirante que, obtendo un mínimo de 5 puntos en cada un dos dous exercicios da fase de oposición alcanzase a segunda mellor puntuación total e así sucesivamente.

Do mesmo xeito actuarase no caso de que algún aspirante fose excluído por non presentación ou falsidade na documentación ou cesase por calquera das causas previstas en Dereito, sen que teña que reunirse novamente o Tribunal para a proposta.

O aspirante proposto polo Tribunal achegará ante o Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde a data en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na Convocatoria así como declaración xurada de non acharse incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

O cumprimento do requisito C) da base terceira haberá de acreditarse a través de Certificación Medica Oficial.

Se dentro do prazo establecido e salvo causa de forza maior, o aspirante proposto non presentase a documentación esixida non poderá ser nomeado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na instancia.

Unha vez presentada a documentación polo candidato proposto, se esta achácese conforme ao establecido nas bases, será nomeado polo Alcalde-Presidente Funcionario Interino.

Para participar nesta convocatoria establécense os dereitos de exame indicados no Anexo que deberán ser ingresados na conta que este Concello mantén na sucursal de ABANCA en Monforte de Lemos É96 2080 0126 2031 1000 0019. Aqueles aspirantes que resulten definitivamente excluídos non terán dereito á devolución do importe ingresado en concepto de dereitos de exame.

#### VIII. Recursos

Contra as presentes Bases poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as Bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos 114.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

#### IX. Igualdade.

Faise constar expresamente que calquera termo xenérico referente a persoas, como opositor, aspirante, funcionario, etc. debe entenderse en sentido comprensivo de ambos os sexos.

#### X. Publicidade dos trámites.

As presentes bases e os sucesivos actos que requiran de publicidade, anunciaranse no Taboleiro Municipal de Edictos (Praza do Campo de San Antonio,1 ) e na páxina web municipal.



## ANEXO I

## TEMARIO

## MATERIAS COMÚNS.

- 1.- A Constitución Española de 1978. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
- 2.- A Coroa. As cortes Xerais: Congreso e Senado. A elaboración das leis. Clases de leis.
- 3.- O Goberno e a Administración Pública. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder Xudicial e a organización xudicial española.
- 4.- A Economía e Facenda na Constitución. O Tribunal Constitucional. A reforma constitucional. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
- 5.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.
- 6.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.
- 7.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.
- 8.- O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica
- 9.- O dereito financeiro: concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. O réxime xurídico das Facendas Locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios orzamentarios. Os tributos locais.

## B) MATERIA ESPECÍFICAS.

- 1.- O ordenamento xurídico- administrativo: O dereito da Unión Europea: Tratados e Dereito derivado. A Constitución. As leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais.
- 2.- O Regramento: concepto e clases. A potestade regramentaria. Procedemento de elaboración. Eficacia do Regramento. Límites da potestade regramentaria. Defensa contra os Regramentos ilegais. A costume. OS principios xerais do Dereito. A xurisprudencia. A doutrina científica.
- 3.- O administrado versus cidadán: concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos conceptos e obrigas.
- 4.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.
- 5.- A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia. A executividade dos actos administrativos. A coacción administrativa directa. A vía de feito.
- 6.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposición pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
- 7.- A terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencionais. A falta de resolución expresa: o réxime de silencio administrativo. O desistimento e a renuncia. A caducidade.
- 8.- Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais da tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.
- 9.- A xurisdición contencioso-administrativa: natureza, extensión e límites. Sistemas de organización: evolución histórica e réxime español vixente. Órganos e competencias do contencioso-administrativo.
- 10.- O recurso contencioso-administrativo. As partes. Actos impugnables. Procedemento ordinario. Medidas cautelares. A sentenza. Outras formas de terminación do procedemento.
- 11.- Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.
- 12.- Normativa de aplicación en materia de contratación administrativa no ámbito do sector público. Os contratos do sector público: obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito



privado; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público. Contido mínimo dos contratos. O réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación.

13.- As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. A capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións, Clasificación. A sucesión do contratista.

14.- Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos.

Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

15.- O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adxudicación. Execución, modificación e extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola propia Administración.

16.- O contrato de concesión de obras. O contrato de concesión de servizos. O contrato de subministración. O contrato de servizos. Os contratos mixtos.

17.- A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

18.- O regulamento orgánico do Concello de Monforte de Lemos.

19.- As competencias nas Entidades Locais (municipios e provincia): competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sostibilidade financeira da facenda local como condición do exercicio das competencias. Os convenios sobre o exercicio de competencias e servizos locais. A cooperación municipal. A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciais.

20.- Intervención administrativa na propiedade privada. A expropiación forzosa: concepto, evolución e elementos. Procedemento xeral da expropiación.

21.- Garantías xurisdiccionais da expropiación. A reversión do ben expropiado. A tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

22.- Procedementos para facer efectiva a responsabilidade patrimonial. Procedemento xeral. Procedemento abreviado. Responsabilidade das Autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas: Plantexamento xeral, casos no que proceda a responsabilidade patrimonial e procedemento para a esixencia da responsabilidade patrimonial.

23.- A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e a súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. O efectos accesorio de determinadas infraccións. Especial referencia á potestade sancionadora local.

24.- Os bens das Entidades Locais. Bens de dominio público local. Bens patrimoniais. Bens comunais. Adquisición de bens por parte das Entidades locais. Alteración da cualificación xurídica dos bens locais. Inventario de bens. Prerrogativas das entidade locais para a defensa do seus bens.

25.- As formas de acción administrativa das entidades locais. El fomento. La actividade da policía: a intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: as súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable.

26.- A iniciativa pública económica das Entidades Locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia a concesión de servizos e á empresa pública local. O consorcio.

27.- Os créditos do orzamentos de gastos: delimitación, situación e nivel de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases concepto, financiamento e tramitación.

28.- A execución do orzamento de gastos e de ingresos: Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectada: especial referencia ás desviacións de financiamento.

29.- Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, a débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Os Plans económico- financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.

30.- A tesourería das Entidades Locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización de pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.



31.- A planificación financeira. O plan de tesourería e o plan de disposición de fondos. A rendabilización de excedentes de tesourería. As operacións de tesourería. O risco de tipos de interese e de cambio nas operacións financeiras.

32.- A potestade regulamentaria das Entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

33.- Os impostos locais: Imposto sobre Bens Inmóveis, Impostos sobre actividades económicas, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica. A súa natureza. Feito impositivo. Suceso pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva: o valor catastral. Base liquidable. Cota, devengo e período impositivo. Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

34.- Instrumentos e técnicas de planificación e ordenación dos recursos humanos. Plan de ordenación de Recursos Humanos. Cadro de persoal. Oferta de emprego público. Libro de Rexistro de Persoal. Análise e Valoración de postos de traballo e Relación de Postos de Traballo. A provisión dos postos de traballo.

35.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Adquisición e perda da relación de servizo. As situacións administrativas. Réxime disciplinario.

36.- O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos traballadores nas entidades locais. A negociación colectiva e os convenios colectivos. A Seguridade Social.

#### ANEXO II

Praza: Técnico Administración Xeral.

Subgrupo: A1.

Escala: Administración Xeral.

Subescala: Técnica.

Clase: Técnico Administración Xeral. Categoría: Técnico Administración Xeral. Sistema selectivo: Oposición Libre.

Dereitos Exame: 28'31 € a ingresar na conta E96 2080 0126 2031 1000 0019 da entidade ABANCA a nome do Concello de Monforte de Lemos

Titulación Requirida: Licenciado en Dereito, Grao ou Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais, Grao ou Licenciado en Ciencias Políticas, Grao en ciencias Xurídicas da Administración ou Grado en dirección e Xestión Pública ou equivalente."

Monforte de Lemos, 16 de marzo de 2022.-O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0657

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal dun posto de mestre especialista en educación infantil (50% xornada) con cargo ao programa de fomento do emprego 2021 da Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

Un mestre especialista en educación infantil (50% xornada).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto das Bases no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas na páxina web municipal ([www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)), na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello.

Monterroso, 22 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 0653